

Bases Xerais concurso Día do Libro 2020

Con motivo da celebración do Día do Libro 2020, a Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés (en diante a Biblioteca), pon en marcha o concurso “**Encriptados de ida e volta**”, un xogo de dúas fases a través das súas canles nas Redes Sociais.

Primeira fase:

1. A primeira fase do concurso consistirá en que os usuarios das redes sociais da biblioteca acheguen os títulos dos libros que leron ou están lendo durante a corentena codificados con emoticonos.
2. As persoas que desexen participar deberán achegar as súas codificacións enviando unha mensaxe privado á conta de Facebook da Biblioteca <https://www.facebook.com/BiblioPubliCoru/> na que se deberán identificar co seu **nome e apelidos**, e na que deberán indicar a **codificación con emoticonos**, o **título** e o **autor** do libro codificado.
3. O **prazo** para participar nesta primeira fase do concurso será **desde as 9:30 horas do 13 de abril ata as 23:59 do día 21 de abril de 2020**, prazo no que a biblioteca xuntará todas as codificacións asignándolles un número por estrito orde de chegada.
4. Nesta primeira fase premiarase a codificación máis orixinal, que será escollida por un xurado composto pola Dirección da Biblioteca, un técnico superior, un técnico medio, e un auxiliar de bibliotecas do equipo da Biblioteca.
5. O premio consistirá nun lote de libros, un diploma e un agasallo sorpresa.

Segunda fase:

1. A segunda fase do concurso consistirá en adiviñar o título do libro que se esconde tras as codificacións en emoticonos enviadas na primeira fase polos usuarios das redes sociais da Biblioteca.
2. Para esta fase elaborárase unha **listaxe coas codificacións** enviadas polos usuarios na fase anterior que se publicará o **Día do Libro, 23 de abril**, a través das canles das Redes Sociais da Biblioteca:

Twitter: <https://twitter.com/BiblioPubliCoru>

Facebook: <https://www.facebook.com/BiblioPubliCoru/>

Instagram: <https://www.instagram.com/bibliocoruna/>

3. Aquelas persoas que desexen participar deberán comentar a publicación coa imaxe dos títulos codificados, descodificando os emoticonos indicando o número de codificación, o título e o autor da obra.
4. O **prazo** para participar nesta segunda fase estará aberto **desde as 9:30 horas do día 23 de abril, ata as 23:59 do día 26 de abril**.
5. Nesta segunda fase premiarase a aquela persoa que consiga adiviñar a maior cantidade de codificacións. No caso de que varias persoas consigan adiviñar todas as codificacións escollerase ao gañador ao azar.
6. O premio nesta segunda fase consistirá nun lote de libros, un diploma e un agasallo sorpresa.

Resolución do concurso:

1. Os gañadores da primeira e segunda fase anunciaranse o día 27 de abril, e poderán recoller os seus premios despois de finalizada a corentena, cando a Biblioteca abra a súas portas con normalidade.